

## Medicina

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Santa Paterna de Arnois*

Segundo a lenda, Santa Paderna ou Paterna naceu en San Xullán de Arnois, A Estrada (Pontevedra). Era unha muller rica, propietaria de moitas vides e colleitora de moito viño. Dise que morreu na fonte que leva o seu nome, en Bruñado, e que foi soterrada nun sartego de pedra arrimado por fora á igrexa parroquial.

Os devotos collían, e aínda o fan, terra dos arredores do seu sartego e poñíanlla no leito ás persoas doentes □que non morrían nin sanaban□. Unha vez posta a terra no leito, se era mal de morrer, a persoa morría; e se era de sandar, sandaba.

San Paterna foi a nai do bispo de Iria don Sisnando e a esposa do conde don Hermenexildo, fundadores no século X do Mosterio de Santa María de Sobrado.

## BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Excm. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.